



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000009

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e dez minutos do día sete de marzo de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 98 de data 6 de marzo/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 29.02.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 29.02.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA URBANÍSTICA.

“Expte: 216/2023. Tedec: 2023/U026/000212

.- Expte. de obras 216/2023.- [REDACTED] **representado por** [REDACTED]

- Para as obras de **construción de edificación auxiliar a vivenda de 56,10 m2, destinado a garaxe e terraza**, no lugar de Montefaro nº 86, referencia catastral nº. 15088A502008080000GL.

Achegase xunto á solicitude:

- Proxecto básico e de execución de ampliación para garaxe en vivenda unifamiliar existente redactado polo arquitecto Manuel Meizoso Porta, colexiado núm. 2.978 no COAG e visado o día 09.05.2023.
- Autorización de Augas de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade), incorporada ao expediente o día 28.09.2023

Outra documentación técnica:

- Oficio de dirección de obra asinado polo arquitecto Manuel Porto Vila.
- Oficio de dirección da execución material asinado polo arquitecto técnico Luís Enríquez Pazos.
- Copia de título de propiedade da parcela achegado ao expediente o día 17.02.2024.
- Modelos estatísticos da edificación achegados ao expediente o día 17.02.2024.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, o terreo onde se pretenden as obras como solo non urbanizable de núcleo rural.

Segundo a disposición transitoria primeira, apartado 2, parágrafo c), da Lei 2/2016 de 10 de febreiro do solo de Galicia, (en adiante LSG), aplicarase integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei..

Considerando o disposto no informe do Arquitecto Técnico Municipal do 28 de febreiro de 2024, e sen prexuízo de mellor interpretación xurídica, **as obras solicitadas resultan CONFORMES coa normativa de aplicación**, debendo fixarse para a súa execución os condicionantes que se reflicten no anexo núm. 1 do citado informe.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] representado por [REDACTED] Para as obras de **construción de edificación auxiliar a vivenda de 56,10 m2, destinado a garaxe e terraza**, no lugar de Montefaro nº 86, referencia catastral nº. **15088A502008080000GL**.

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica redactada polo arquitecto Manuel Meizoso Porta, visada o día 09.05.2023 e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 28 de febreiro de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, con base ao orzamento de execucion material que ascende á cantidade de **12.884,31 €**, e co seguinte desglose: **Taxas 64,42 €.** **ICIO.- 296,33 €.**

Cuarto.- Aprobar o prazo de iniciación das obras que non poderá exceder os seis meses e o de terminación de tres anos, dende a data de outorgamento da licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses (art. 359.2 do RLSG, art. 145.1 da LSG).

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U026/000012).

3º.-APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DA OBRA Nº 6 DA OBRA: “REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ , VILLARRUBE, AVIÑO E OUTROS” EMITIDA POR JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS, CONSTRUCCIONES SA

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 6 “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 2 de outubro de 2023 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 2 de outubro de 2023. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS, CONSTRUCCIONES S. A.** o día 2 de outubro de 2023 por importe de 17.912,80 euros.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número FE23 109 de data 02/10/2023 con número de rexistro contable F/2023/2364, emitida por **José No Mantiñán e Hijos, Construcciones S. A.** e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 02/10/2023 por importe de 17.912,80 euros.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 6 correspondente a obra “*Reparación de estradas en Xavariz, Villarrube, Aviño e Outros*” deberán descontárselle 388,13 euros pola dirección e inspección de obra 129,38 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000034).

FORA DA ORDE DO DÍA

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno Local a urxenza do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras nos prazos da tramitación das facturas, inclúese fóra da Orde do Día

.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/4.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/4 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 16 facturas ascende á cantidade de CENTO OITENTA E SETE MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON TRECE CÉNTIMOS (187.309,13 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/4 por importe bruto de 187.309,13 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000033).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/